



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

PHOTO-CALL DÍA DAS LETRAS GALEGAS: ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Esta actividade pretende render unha homenaxe simbólica a Roberto Vidal Bolaño a través das palabras e da caracterización que mellor o identificou: o chapeu e o nariz de pallaso. O photo-call levarase a cabo do 14 ó 19 de maio. Durante toda esa semana, os nosos visitantes terán á súa disposición un pequeno escenario no que farán un posado ataviados co sombreiro, o nariz de pallaso e un cartelón no que escribirán unha palabra en galego, a que máis lles guste. Todas estas imaxes iranse colgando nas redes sociais de cada un dos museos da Rede (facebook, twitter).

Con tódalas palabras recollidas, invitámosvos a que elaboredes con elas un texto literario, que ben poden ser relatos, microrrelatos, poemas, cancións, videocreacións, twitts (140 caracteres), etc. para que as compartan nos espazos web do museo. Desde o 20 ó 31 de maio, abrimos as nosas redes para que colguedes as vosas creacións e entre todas elas, vós mesmos decidiredes un gañador para cada unha das categorías. As obras que sume máis “me gusta” ata o 16 de xuño, nas redes sociais de cada un dos museos pertencentes á Rede Museística Provincial, recibirá un lote de libros.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

- Cada usuario pode participar indistintamente en cada unha das redes sociais de cada un dos museos que forman parte da Rede Museística Provincial: Museo Provincial de Lugo, Pazo de Tor, Museo Provincial do Mar de San Cibrao e Museo-Fortaleza San Paio de Narla. Haberá un gañador por categoría en cada un dos museos da rede.
- Cada persoa pode participar cun número ilimitado de creacións.
- As categorías son as seguintes: relatos, microrrelatos (máximo 150 palabras), poesía, canción, videocreacións, Tuits (somentes para Twitter, máx. 140 caracteres) e creación libre (nesta categoría admítense formatos que destaquen pola súa orixinalidade e que non se poidan inscribir nas categorías citadas previamente)
- As obras gañadoras serán aquelas que sumen máis votos ou “me gusta” entre o facebook e o twitter de cadanseu museo.
- As votacións permanecerán abertas desde o 20 de maio ó 16 de xuño.
- O nome e as obras dos gañadores serán colgadas novamente nas redes sociais de cada museo, ó longo da semana seguinte ó peche das votacións. Ós premiados entregaráselles un lote de libros editados pola Rede Museística Provincial de Lugo.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo